

NÚMERO 6// FEBREIRO 2022

CHÍO

E SE NON A VES...



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Nño de cegoña na estrada de O Corgo

O DÍA DE SAN
BRAIS, A
CEGOÑA VERÁS;
E SE NON A VES,
AÍNDA O
INVERNO VÉN
DETRÁS

Refraneiro popular



SAN...

O refraneiro, que sendo moi sabio, nos temas climatolóxicos parece que por momentos, perde fiabilidade (cuestión do quecemento global, ao que por certo, non lle estamos a prestar a debida atención); vai que nin pintado para lembrar que por San Brais a cegoña verás. Somos quen de constatalo na nosa provincia, onde cada vez é máis doado avistar poboacións de cegoñas moi preto de nós... e que non se perda, por favor!

E di tamén outro "refraneiro popular" , que os políticos/as aparecen só cando hai eleccións no horizonte próximo. Como a cegoña, que vén en momentos puntuais. Digo, sen querer facer paralelismos, que igual nin é preciso recurrir aos recursos literarios. Porque desta clase de poboamento tamén estamos a albiscar... ou non?

MELINA LÓPEZ

AUDITORÍA AO AUDITORIO

Sí, esta é a proposta: xa está ben de marear a perdiz.

Apliquemos a lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas . E onde se di "contas", poñamos datos e documentos.

No seu primeiro artigo , recóllese o que segue: "Entenderase por auditoría de contas, a actividade consistente na revisión e verificación das contas anuais, (...) sempre que dita actividade teña por obxecto a emisión dun informe sobre a fiabilidade que ditos documentos que poida ter efectos fronte a terceiros".

Noméese equipo auditor e lévese a cabo unha revisión, do entregado pola Xunta de Galicia ao Concello de Lugo: revisión e xustificación ao detalle do estado do edificio, no momento de seren recibido polo Concello.





Con todo, seguindo a Ángel Rojo, catedrático de Dereito mercantil na Universidade Autónoma de Madrid, (...) "faise necesario que exista un proceso de revisión e verificación a cargo de expertos, co obxectivo, entre outros aspectos, de revisar a fiabilidade das contas".

E aquí é onde introducimos a pregunta chave que leva rondando por aí, fai moito tempo:

ESTABA O AUDITORIO DE LUGO EN CONDICIÓN DE SEREN ENTREGADO AO CONCELLO?

No caso de non ser así, por que o Concello recolleu as chaves do auditorio? Revisou nun primeiro momento as instalacións? E no caso de facelo, por que non notificou á Xunta as deficiencias atopadas para que foran reparadas ao momento?

No marco do estatuto xurídico do auditor, a auditoría é unha actividade que só pode ser realizada por aqueles profesionais titulados, actuando de xeito acorde aos principios de profesionalidade e independencia.

Porén, o propio artigo remítese á lei de enxuzamento criminal (art. 262), que recolle o que segue:

"os que por razón dos seus cargos, profesións ou oficios tiveran noticia dalgún delito público, estarán na obriga de denunciálo inmediatamente ao Ministerio fiscal, ao tribunal competente, ao xuíz de instrución e , no seu defecto, ao municipal ou ao funcionario de policía máis próximo ao sitio, no caso de tratarse dun delito flagrante" sendo a denuncia, por suposto, pública.

LUGO, ESTAMOS A SER POTENCIA

Cantas veces neste recuncho de **Chío** falamos de cultura... de feito esta é unha revista cultural dixital, a primeira deste corte na nosa cidade. E gustaríanos engadir: somos vangarda, máis iso quedará para as verbas doutros.

E falamos de cultura local, do que representa a cultura ou do que é, ou ben deixa de ser. Porque é preciso erguer un debate que nos faga seres pensantes. Aínda que sexa de cando en vez.

A palabra **cultura** vén do latín e a súa raíz etimolóxica lévanos ao termo cultivar. No entanto, non será ata o século XVI, cando a palabra comece a aparecer co sentido figurado de cultivo a través da educación; e no XIX, cando o termo quede vinculado ás formas de vida das distintas sociedades.

De xeito que parece un termo difícil de definir e de poñer na dimensión exacta ou correcta. Especialmente esto último.

Dicía **Aimé Cesaire** (poeta, ideólogo e defensor das súas raíces africanas, baixo o concepto de negritud) "*Cultura es todo. Cultura es nuestra manera de vestir, la forma en que llevamos nuestras cabezas, o atamos nuestras corbatas. No es solo el hecho de escribir libros o construir casas.*" E sí, poñéndonos no contexto, é posible que teña razón, aínda que "cultura es todo" soe máis ben a slogan ben traído.



Claro que o Comité da ONU sobre os dereitos económicos, sociais e culturais, define cultura da seguinte maneira:

"Cultura [...] incluye, entre otras cosas, formas de vida, idioma, literatura oral y escrita, la música y el canto, comunicación no verbal, la religión o creencias, ritos y ceremonias, deportes y juegos, métodos de producción o tecnología, medios naturales y artificiales, la comida, el vestido, la vivienda, las artes, las costumbres y las tradiciones a través de la cual los individuos, grupos de individuos y comunidades expresan su humanidad y el sentido que dan a su existencia, y construyen su visión del mundo representando su encuentro con las fuerzas externas que afectan a sus vidas."

É, logo, neste punto, onde en **Chío** apetece "abrir un melón", e ver distintas opinións.

É entón o deporte parte da cultura? Por que aparece tantas veces vinculado á cultura nos organismos oficiais? Trátase dun concepto tan moderno (a inclusión do deporte baixo o capítulo de cultura) que non somos quen de assimilar aínda como sociedade? Se o deporte é identidade, teríamolo que asumir como parte da nosa cultura?



E poñemos esta deliberación enriba da mesa, non para xerar polémica, senón ca intención de concretar se hai lugar para o deporte nesta revista.

O caso é que **Chío** non quere obviar motores que lle dean visibilidade á cidade. Se existe certa vinculación entre deporte e cultura: aquí haberá espazo.



É indubidable que a cidade de **Lugo** está a vivir un momento deportivo único: con catro equipos participando ao máximo nivel, en cadansúa competición.

Incluso organízanse torneos de gran envergadura a nivel nacional, coma unha copa de voleibol (recoñecemento especial desde aquí, ao **Club Voleibol Emevé** pola capacidade organizativa e por teren, dende sempre, o foco posto na canteira) capaz de poñer a Lugo no mapa.

Xa que logo, se algo é impulsor da cidade, **Lugo Sempre** vai dar a consideración que merece. A visibilización dos logros lucenses é tamén un xeito de poñer á cidade en valor; por tanto, desde aquí, non o imos esquecer.

É así logo que, neste número de **Chío**, o deporte de Lugo atopa o lugar do que actualmente, é merecedor.



ACLARANDO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

Agás ás referentes ao auditorio, as **imaxes** empregadas neste número de **Chío**, son todas de autoría propia e localización lucense. Unha idea que permanece na base da creación, para todas as edicións desta revista.

No que atinxe aos **contidos** de febreiro, aclaramos que van sen asinar; e isto é así, de xeito expreso. Non se trata de erro ningún.

Outra maneira de traballar, tan válida para nós, coma outra. Tendo en conta a liberdade creativa que nos ampara e o carácter independente desta publicación.

Como **licenza** explícita, e tal e como se manifesta no propio artigo, o tema deportivo ocupa un espazo neste número; porque consideramos que abrangue unha parcela importantísima para **Lugo**, a día de hoxe. O que non significa que o tema volva a aparecer no futuro...nin que non o faga.

Aclarar, aclaramos, pero ben é certo que podemos tamén errar.

De seren así, pregamos a consideración de todos os lectores/as e que iso, non sexa motivo de abandono, senón o acicate para voltar por aquí.

Coordina e dirixe Chío, Melina López.

